

Declaración de principios	Declaración de principios
<p>Como centro público*, o IES do Castro promove unha xestión participativa e democrática da comunidade escolar. Aspira a educar ao alumnado como cidadáns e cidadás de plenos dereitos nunha sociedade plural e democrática, cunha dimensión europea e internacional, desenvolvendo a mentalidade e conciencia internacional e valorando a interculturalidade como sólida base de tolerancia.</p> <p>A educación e convivencia desenvólvense nun marco de tolerancia, solidariedade e respecto mutuo. Non se discrimina en razón de procedencia, relixión, opinión, etnia ou nivel económico, e ademais propíciáanse actitudes compensadoras de realidades socioculturais diferentes e préstase atención ás necesidades de grupos minoritarios. Por outra banda, as medidas de prevención e tratamento de conflitos sempre teñen un carácter educativo e recuperador.</p> <p>Foméntase unha educación efectiva en valores, incidindo en actitudes básicas para a convivencia como os comportamentos non discriminatorios ou a paz, permanente atención á educación para a saúde, fomentando hábitos que redunden na calidade de vida da persoa. Tamén se fomenta un sentimento de responsabilidade cun desenvolvemento sustentable para o planeta que preserve os recursos materiais na actualidade e para as xeracións futuras e que sexa xusto e equitativo a nivel mundial, tendo en conta a interrelación económico-ecolóxica e político-social.</p>	<p>Como centro público*, el IES do Castro promueve una gestión participativa y democrática de la comunidad escolar. Aspira a educar al alumnado como ciudadanos y ciudadanas de plenos derechos en una sociedad plural y democrática, con una dimensión europea e internacional, desarrollando la mentalidad y conciencia internacional y valorando la interculturalidad como sólida base de tolerancia.</p> <p>La educación y convivencia se desarrollan en un marco de tolerancia, solidaridad y respeto mutuo. No se discrimina en razón de procedencia, religión, opinión, etnia o nivel económico, y además se propician actitudes compensadoras de realidades socioculturales diferentes y se presta atención a las necesidades de grupos minoritarios. Por otra parte, las medidas de prevención y tratamiento de conflictos siempre tienen un carácter educativo y recuperador.</p> <p>Se fomenta una educación efectiva en valores, incidiendo en actitudes básicas para la convivencia como los comportamientos no discriminatorios o la paz, permanente atención a la educación para la salud, fomentando hábitos que redunden en la calidad de vida de la persona. También se fomenta un sentimiento de responsabilidad con un desarrollo sostenible para el planeta que preserve los recursos materiales en la actualidad y para las generaciones futuras y que sea justo y equitativo a nivel mundial, teniendo en cuenta la interrelación económico-ecológica y político-social.</p>

<p>*Outras implicacións de centros públicos da Consellería de Educación de Galicia: democrático, aconfesional, coeducación, fomento da normalización da lingua galega.</p> <p>(Ver PEC, Proxecto Educativo de Centro, seccións 'Sinais de identidade' e 'Obxectivos', en documentos adicionais A.1.1)</p>	<p>*Otras implicaciones de centros públicos de la Consellería de Educación de Galicia: democrático, aconfesional, coeducación, fomento de la normalización de la lengua gallega.</p> <p>(Ver PEC, Proyecto Educativo de Centro, secciones 'Señales de identidad' y 'Objetivos', en documentos adicionales A.1.1)</p>
---	--

Sinais de identidade - IES do Castro (sección completa do PEC)	Señales de identidad - IES do Castro (sección completa del PEC)
<p>1. MODELO DE XESTIÓN O centro promove unha xestión participativa e democrática. Isto implica que todos os sectores que o compoñen (profesorado, alumnado, pais, nais, persoal non docente) colaboren dunha maneira real e efectiva no seu funcionamento a través da súa participación nos diferentes órganos de xestión. Foméntanse as asociacións do alumnado, as relacións coas institucións do contorno e as actividades de formación do profesorado.</p> <p>2. ASPECTOS INSTITUCIONAIS O centro aspira a educar ao alumnado como cidadáns/ás de plenos dereitos nunha sociedade plural e democrática, cunha dimensión europea e internacional, para o cal promove a participación en diversos tipos de proxectos educativos e intercambios que propicien o coñecemento mutuo, a creación dunha conciencia europea e internacional, como sólida base de tolerancia. O centro aspira a educar ao alumnado como cidadáns/ás de plenos dereitos nunha sociedade plural e democrática, cunha dimensión europea e internacional, para o cal promove a participación en diversos tipos de proxectos educativos e intercambios que propicien o coñecemento mutuo, desenvolvendo a mentalidade e conciencia europea e internacional, valorando a interculturalidade como sólida base de tolerancia.</p>	<p>1. MODELO DE GESTIÓN El centro promueve una gestión participativa y democrática. Esto implica que todos los sectores que lo componen (profesorado, alumnado, padres, madres, personal no docente) colaboren de una manera real y efectiva en su funcionamiento a través de su participación en los diferentes órganos de gestión. Se fomentan las asociaciones del alumnado, las relaciones con las instituciones del contorno y las actividades de formación del profesorado.</p> <p>2. ASPECTOS INSTITUCIONALES El centro aspira a educar al alumnado como ciudadanos/a las de plenos derechos en una sociedad plural y democrática, con una dimensión europea e internacional, para lo cual promueve la participación en diversos tipos de proxectos educativos e intercambios que propicien el conocimiento mutuo, la creación de una conciencia europea e internacional, como sólida base de tolerancia. El centro aspira a educar al alumnado como ciudadanos/a las de plenos derechos en una sociedad plural y democrática, con una dimensión europea e internacional, para lo cual promueve la participación en diversos tipos de proxectos educativos e intercambios que propicien el conocimiento mutuo, desarrollando la mentalidade y conciencia europea e internacional, valorando la interculturalidade como sólida base de tolerancia.</p>

3. CONVIVENCIA E VALORES DEMOCRÁTICOS

A educación e convivencia no noso centro desenvólvese nun marco de tolerancia, solidariedade e respecto mutuo. Ninguén é discriminado por razón da súa procedencia, relixión, opinión, etnia ou nivel económico e propíciase actitudes compensadoras de realidades socioculturais diferentes e se presta atención as necesidades de grupos minoritarios. As medidas de prevención e tratamento dos conflitos teñen sempre un carácter educativo e recuperador.

4. A CONFESIONALIDADE

O noso centro declárase aconfesional e, por tanto, non se adscribe a ningunha confesionalidade relixiosa concreta, sendo respectuoso con todas as crenzas.

5. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Foméntase a normalización da lingua galega como lingua vehicular, creando un ambiente favorable á súa utilización por parte de toda a comunidade educativa, e propiciando o seu uso nas diferentes áreas e niveis. Promóvese a desaparición de prexuízos, e motívase a creación de actitudes positivas cara ela. Promóvense oportunidades de cidadáns multilingües partindo do galego.

6. COEDUCACIÓN

O centro comprométese coa coeducación. O profesorado tentará en todo momento educar para a igualdade, modificando as actitudes discriminatorias por razón de sexo por medio dunha pedagogía efectiva, evitando linguaxe sexista e condutas que fomenten os roles tradicionais atribuídos ao home e á muller.

7. EDUCACIÓN PARA A TOLERANCIA

Foméntase no noso centro unha educación efectiva en valores, como a tolerancia, os comportamentos non discriminatorios e a paz como actitudes básicas para a convivencia, creando unha conciencia que se asente neles.

3. CONVIVENCIA Y VALORES DEMOCRÁTICOS

La educación y convivencia en nuestro centro se desarrolla en un marco de tolerancia, solidaridad y respeto mutuo. Nadie es discriminado por razón de su origen, religión, opinión, etnia o nivel económico y se propician actitudes compensadoras de realidades socioculturales diferentes y se presta atención las necesidades de grupos minoritarios. Las medidas de prevención y tratamiento de los conflictos tienen siempre un carácter educativo y recuperador.

4. LA CONFESIONALIDAD

Nuestro centro se declara aconfesional y, por tanto, no se adscribe la ninguna confesionalidad religiosa concreta, siendo respetuoso con todas las creencias.

5. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Se fomenta la normalización de la lengua gallega como lengua vehicular, creando un ambiente favorable a su utilización por parte de toda la comunidad educativa, y propiciando su uso en las diferentes áreas y niveles. Se promueve la desaparición de prejuicios, y se motiva la creación de actitudes positivas cara ella. Se promueven oportunidades de ciudadanos multilingües partiendo del gallego.

6. COEDUCACIÓN

El centro se compromete con la coeducación. El profesorado intentará en todo momento educar para la igualdad, modificando las actitudes discriminatorias por razón de sexo por medio de una pedagogía efectiva, evitando lenguaje sexista y conductas que fomenten los roles tradicionales atribuidos al hombre y a la mujer.

7. EDUCACIÓN PARA LA TOLERANCIA

Se fomenta en nuestro centro una educación efectiva en valores, como la tolerancia, los comportamientos no discriminatorios y la paz como actitudes básicas para la convivencia, creando una conciencia que se asiente en ellos.

8. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

O noso centro mantén unha permanente atención á educación para a saúde, fomentando os hábitos que redunden na calidade de vida da persoa, prestando especial atención a unha educación vial elemental, ó coñecemento da sexualidade como parte dunha educación integral, e informando dos perigos do consumo de tabaco e alcohol.

9. DESENVOLVEMENTO E MEDIO AMBIENTE

O centro promove un ensino que fomente un sentimento de responsabilidade cun desenvolvemento que preserve os recursos materiais na actualidade e para as xeracións futuras e sexa xusto e equitativo a nivel mundial, tendo en conta a interrelación económico-ecolóxica e político-social.

10. METODOLOXÍA

Foméntase o ensino-aprendizaxe como un proceso activo e participativo que potencie a investigación e a autoaprendizaxe nun contorno de cooperación e traballo en equipo para desenvolver a capacidade de análise crítica da realidade e fomentar o desenvolvemento integral como persoas. A función do profesorado é, sobre todo, a de axente motivador e estimulador do proceso educativo e non só como mero transmisor de coñecementos.

11. AVALIACIÓN

Poténciase unha avaliación continua, formativa e reguladora entendida como instrumento educativo que informa e fai unha valoración do proceso de aprendizaxe que seguen os/as alumnos/as, e non só dos resultados académicos. Ten como obxectivo que o/a profesor/a poida ofrecer en todo momento as propostas e medidas máis axeitadas para desenvolver as capacidades dos estudantes. Contempla a diversidade do alumnado, busca a motivación e potencia a autoavaliación.

12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE – INTEGRACIÓN

O centro asegura a atención á diversidade e a inclusión de alumnos/as con distintas capacidades, estilos e ritmos de aprendizaxe, o grupos minoritarios, fomentando a identificación e eliminación de barreiras en distintos ámbitos, incluíndo cuestións culturais ou de xénero. Isto inclúe favorecer a integración de alumnado con discapacidade adoptando en cada momento o conxunto de medidas curriculares e organizativas necesarias (formación psicopedagóxica do profesorado, eliminación de barreiras arquitectónicas, apoios

8. EDUCACIÓN PARA LA SALUD

Nuestro centro mantiene una permanente atención a la educación para la salud, fomentando los hábitos que redunden en la calidad de vida de la persona, prestando especial atención a una educación vial elemental, al conocimiento de la sexualidad como parte de una educación integral, e informando de los peligros del consumo de tabaco y alcohol.

9. DESARROLLO Y MEDIO AMBIENTE

El centro promueve una enseñanza que fomente un sentimiento de responsabilidad con un desarrollo que preserve los recursos materiales en la actualidad y para las generaciones futuras y sea justo y equitativo a nivel mundial, habida cuenta la interrelación económico-ecológica y político-social.

10. METODOLOGÍA

Se fomenta la enseñanza-aprendizaje como un proceso activo y participativo que potencie la investigación y la autoaprendizaxe en un contorno de cooperación y trabajo en equipo para desarrollar la capacidad de análisis crítico de la realidad y fomentar el desarrollo integral como personas. La función del profesorado es, sobre todo, la de agente motivador y estimulador del proceso educativo y no solo como mero transmisor de conocimientos.

11. EVALUACIÓN

Se potencia una evaluación continua, formativa y reguladora entendida como instrumento educativo que informa y hace una valoración del proceso de aprendizaje que siguen los/las alumnos/las, y no solo de los resultados académicos. Tiene como objetivo que lo/a profesor/la pueda ofrecer en todo momento las propuestas y medidas más acomodadas para desarrollar las capacidades de los estudiantes. Contempla la diversidad del alumnado, busca la motivación y potencia a autoavaliación.

12. ATENCIÓN A LA DIVERSIDAD – INTEGRACIÓN

El centro asegura la atención a la diversidad y la inclusión de alumnos/las con distintas capacidades, estilos y ritmos de aprendizaje, el grupos minoritarios, fomentando la identificación y eliminación de barreras en distintos ámbitos, incluyendo cuestiones culturales o de género. Esto incluye favorecer la integración de alumnado con discapacidad adoptando en cada momento el conjunto de medidas curriculares y organizativas necesarias (formación psicopedagógica del profesorado, eliminación de barreras

específicos...) para establecer as respostas educativas máis axeitadas a dita pluralidade. Tamén inclúe prestar atención aos recursos do centro, a súa cultura organizativa e políticas ou protocolos de actuación, os enfoques de ensino-aprendizaxe e a forma en que os integrantes da comunidade escolar interactúan cotidianamente, así como promover entornos de aprendizaxe que acollan, celebren e integren a diversidade e variabilidade de todo o alumnado. O Programa do Diploma impartido no centro é tamén unha medida ordinaria de atención á diversidade, entre outras. A organización de medidas concretas aparece recollida no Plan Xeral de Atención á Diversidade, complementado pola Política de Inclusión.

13. ORIENTACIÓN

O centro potencia unha orientación educativa entendida como proceso de axuda que comprenda unha acción tutorial que garanta a prevención das dificultades de aprendizaxe, unha atención individualizada, que axude ao alumno a tomar decisións académicas e profesionais, a integración e participación dos alumnos/as na vida do centro, unha participación e relación fluída coas familias e a implicación e coordinación de todo o equipo docente nesta tarefa.

14. TUTORÍA

O centro desenvolve a tutoría nun sentido amplo que afecte a toda a acción educativa coa responsabilidade de todos os profesores/as no compromiso de educar (máis alá da función concreta de facilitar o ensino-aprendizaxe dos contidos) para formar persoas cunha autonomía e madurez educativa e vocacional que as axude a integrar experiencias, aprendizaxes e tomar decisións de maneira libre e responsable.

arquitectónicas, apoyos específicos...) para establecer las respuestas educativas más idóneas la dicha pluralidad. También incluye prestar atención a los recursos del centro, su cultura organizativa y políticas o protocolos de actuación, los enfoques de enseñanza-aprendizaje y la forma en que los integrantes de la comunidad escolar interactúan cotidianamente, así como promover entornos de aprendizaje que acojan, celebren e integren la diversidad y variabilidad de todo el alumnado. El Programa del Diploma impartido en el centro es también una medida común de atención a la diversidad, entre otras. La organización de medidas concretas aparece recogida en el Plan General de Atención a la Diversidad, complementado por la Política de Inclusión.

13. ORIENTACIÓN

El centro potencia una orientación educativa entendida como proceso de ayuda que comprenda una acción tutorial que garantice la prevención de las dificultades de aprendizaje, una atención individualizada, que ayude al alumno a tomar decisiones académicas y profesionales, la integración y participación de los alumnos/las en la vida del centro, una participación y relación fluida con las familias y la implicación y coordinación de todo el equipo docente en esta tarea.

14. TUTORÍA

El centro desarrolla la tutoría en un sentido amplio que afecte a toda la acción educativa con la responsabilidad de todos los profesores/las en el compromiso de educar (más allá de la función concreta de facilitar la enseñanza-aprendizaje de los contenidos) para formar personas con una autonomía y madurez educativa y vocacional que las ayude a integrar experiencias, aprendizajes y tomar decisiones de manera libre y responsable.